



Samuel_Lema_París

Poeta e baixista do grupo "Terbutalina", de Muros

Twit

"Ao que fago na poesía non lle chamaría poesía, directamente"
 "Valorar calquera cousa ou acto por ser ou non necesario

é unha trapallada do capital. O útil non ten futuro"



Samuel Lema, a punto de rachar a camisa, igual que Camarón

En maio de 2012, Samuel L. París publica *Inflamable* con Edicións Positivas. O **6 de setembro** de mesmo ano publicará unha pequena compilación de textos do libro musicados e recitados. Pode descargarse gratuitamente desde o [BandCamp](#) do autor e desde outras plataformas habituais.

"A literatura pøde debe arder", proclama este poeta e compoñente dos gastropunkarras "Terbutalin: (eses que comeron o punk e agora están a vomitalo). Pasámoslle un cuestionario para notar a temperatura da súa pira mental, unha fogueira que antes alimentaba no blog "Arrepentirme podería si algún tipo de arte" pero que, por mor dun tsunami informático, apagouse. Acendeu unha nova cachar

que agora alumea en <http://pararaparis.wordpress.com>. Teñan o extintor á man. Tamén vale unha pólvora de amieiro.

.- Desmíntanos que Manuel Xestoso e Cid Cabido acaban de sacar "Antón Reixa, ghicho distinto" para levantarlle a moral a este vello Resentido, logo do teu duro verso "Etiopía ten fame/comeuno todo Antón"...

.- Desmentido completamente. O ego de Antón Reixa é indestrutible. Como a súa papada.

.- Que opina do tipo que lle escribiu o artigo da Wikipedia? Como puido obviar algo tan fundamental como que vostede come ovos con tomate, salchichas e arroz? Descoñecemento? Ignorancia atrevida?

.- O asunto está en mans das miñas avogadas e nos pés dos meus podólogos.

.- Seguindo co anterior: nembargantes, pon que estivo en Noruega traballando nunha librería mercería. Vendía libros con encaixe de Camariñas?

.- Foron uns anos moi duros os que pasei en Langangen. Os dez primeiros meses paseinos intentando sintonizar a TVG. Os catorce meses seguintes paseinos explicándolles aos noruegueses cando ía o Luar.

.- Di que dende este xoves 6 de setembro imos poder escoitar -de balde, na web <http://pararaparis.bandcamp.com/>- versos musicados de "Inflamable": era necesario?

.- Non. Por iso o fago. Valorar calquera cousa ou acto por ser ou non necesario é unha trapallada de capital. O útil non ten futuro.

.- Entre os "amigos e amigas" que fai no seu poemario: con quen iría comer os callos? Gloria Lago? Yolanda Castaño?

.- Yolanda, por supuesto. Gloria nunca convida a un viño.



"Poder volver con Feijóo, os dous mamadísimos... non o cambio por nada!": vaia verso solto!

.- E con quen iría durmir logo dunha noite de esmorga? Xurxo Souto, Núñez Feijóo, Manolo Rivas?

.- Poder volver con Feijoo... os dous mamadísimos... no seu Citroën... non o cambio por nada!

.- Vostede tamén quere moito a Fernán Vello? Cre que con esta actitude chegará vostede ao apelido do citado?

.- A verdade é que espero chegar a vello. E claro que o quero ben. De feito, agardo herdar a súa chupa e o bocoi de gomina que ten no soto da casa.

.- En que momento vital está Samuel París? Pelos na cona ou cona pelada?

.- Non sei en que momento vital estou.

.- Eleccións vascas e galegas: De verdade quere que Gayoso o de Luar se presente a lehendakari galego? Gañaríamos algo con iso?

.- O equipo de goberno sería bastante brutal, abofé. Se Paco Mi Vida continúa vivo (isto é algo que descoñezo), sería un bo conselleiro de cultura.

.- Vostede é moito de Muros: por que escribe tan pouco nos de Facebook?

.- Facebook eliminou a miña conta polas miñas opinións sobre a valía de Fernando Escartín como Playboy das montañas.

.- No 2007 -xa choveu máis que en Blade Runner- vostede xa se confesaba "[Borracho e arrogante](#)". Como o leva o seu fígado?

.- O fígado vai xenial. O mes pasado merquei un por Ebay, baixeime os drivers e xa o instalei. Vai a todo flispín.

.- Agora estílase pouco, pero podemos consideralo como un "polígrafo", xa que lle dá á escritura e á música. En Terbutalina executan vostedes cancións gastropunks. Como definiría que fai coa poesía?

.- Ao que fago na poesía non lle chamaría poesía, directamente.

.- Como pode ser que neste país de comedores e bebedores inda non saíra un poeta que lle adicara unha oda, por exemplo, ao licor café e varios sonetos aos callos? Ou haino e pasa máis desapercibido que un conselleiro de Feijóo?

.- Ei! Tiña un sobre o licorca no [Manual da destrución](#)! Xa vexo que pasou desapercibido...*[páxina 19 do PDF]



Samo é quen de retar nun concerto a Freixanes a que lle publique en Galaxia un libro-disco

.- De novo política: unha vez retirado Conde Roa, non terá pensado adicarlle unha letra do seu grupo a Mario Conde, verdade?

.- O noso grupo está orfo de referentes neste momento.

.- Déanos unha quiniela para o 21 de outubro...

.- A miña aposta é que quen gañe non vai contar mentiras nada interesantes e é unha mágoa.

.- Pode que inda queira lanzar unha mensaxe IMPORTANTÍSIMA e non fomos quen de lla preguntar: que pasa co seu disco duro aghora? Arrepentirse podería ser algún tipo de arte?

.- O máis importante que podo dicir é que neste país aínda se continúa contratando a Kiko Rivera como Dj e que no waterpolo feminino se reparten hostias como pans. Hai esperanza, amigas e amigos

Se inda non se esgotou de ler a este vate de Muros, máis información no seu [blogue](#).

[Obras publicadas](#)

[Colaboracións e obras colectivas](#)

[Recitais](#)

[Entrevistas, reseñas e críticas](#)

[Proxectos musicais](#)